

Racionalismo (Descartes, Spinoza e Leibniz)

- Ideas Innatas (ideas que nacemos con elas, grazas a que as puxo en nós Deus / natureza¹).
- Coñecemento *a priori*² (sobre todo as matemáticas) único obxectivo. O coñecemento provén da razón e por iso é universal e necesario).
- *Idealismo*: Non podemos coñecer os obxectos, senón as ideas sobre os obxectos. Nin sequera están seguros de que exista un mundo exterior á mente³.
- **Intuición racional**: Se consideran evidentes aqueles xuízos que sexan evidentes a razón: *Cogito ergo Sum*, as formas xeométricas, etc.
- Problema: Sen os sentidos, a nosa obtención de coñecementos é moi limitada.

Empirismo (Hume, Locke e Berkeley)

- Non existen as ideas innatas xa que non son comprobables mediante a experiencia. A mente humana é unha *tabula rasa* (táboa en branco)
- O coñecemento provén da experiencia (sentidos). Negación da *causalidade* (lei causa – efecto, Hume) → Non existe o coñecemento universal, as ciencias só poden pisar no terreo do probable, son especulativas.
- Realismo (Locke). Cree que existe un mundo fóra da mente, aínda que só podemos coñecer algunhas características del (calidades primarias, tamaño, forma, etc.)
- **Intuición sensible**: É a captación directa dos obxectos a través dos sentidos a través.
- Problema: O noso coñecemento é máis ca unha simple recepción pasiva de estímulos.

¹ Que poden coincidir como en Spinoza (*Deus sive Natura*).

² Sen necesidade dos sentidos (experiencia)

³ A crenza de que o único verdadeiro 100% é o que está na nosa mente coñécese como *solipsismo*

